

RESOLUCIÓN DISOCIADA DA ALCALDÍA
CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/UNHA
TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O CONCELLO DE AS NEVES.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar a praza mencionada, para a e aproba-las bases e criterios para a súa selección.

A oferta desta contratación laboral temporal está baseada no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 24 de marzo polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e as súas modificacións posteriores, e o tempo de contratación será o imprescindible para cubrir a baixa laboral da Traballadora Social titular. As retribucións serán as establecidas nas presentes bases.

O carácter temporal desta praza, unido á necesidade de que a selección se faga coa maior celeridade para atender ás necesidades do servizo fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Visto o informe de Secretaría- Intervención sobre o procedemento que se debía seguir e sobre a consignación orzamentaria para a contratación de persoal temporal.

Considerando que queda acreditada a necesidade urxente e inaprazable.

Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avogar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto.

SEGUNDO. Aprobar a correspondente oferta de emprego da praza antes mencionada, **PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL**, e tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ao Concello o Servizo Galego de Emprego.

TERCEIRO. Aprobalas seguintes Bases e procedemento urxente ós que se axustará a selección do posto de traballo mencionado, sendo imprescindible ter a categoría referida, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación:

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN
TRABALLADOR SOCIAL NO CONCELLO DE AS NEVES.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA obxecto desta convocatoria é a provisión con carácter temporal mentres dure a baixa laboral da titular,...., dun posto de *Traballador/a Social. Estará dotada coas retribucións correspondentes á titular propias do posto de traballo. A praza desempeñarse en réxime de xornada completa e*

dedicación exclusiva.

A presente convocatoria constituirá tamén bolsa de emprego para substitución de postos de traballo da categoría convocada naqueles outros supostos nos que se produzan vacantes por baixas, ausencias ou calquera outra circunstancia.

2ª.- CONVOCATORIA.- A contratación se efectuará previa convocatoria ao Servizo Público de Emprego.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.-

a).- Ser español. Os nacionais dos demais estados membros da Comunidade Europea poderán acceder en idénticas condicións cas dos españois a aqueles sectores da Función Pública aos que, segundo o Dereito Comunitario, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. No caso de estranxeiros comunitarios a acreditación da identidade se fará polo documento identificativo expedido polas autoridades competentes do seu país de orixe.

b).- Ter cumpridos 18 anos de idade.

c).- Os/as aspirantes deberán estar en posesión do título de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse certificación para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou do Ministerio de Educación e Cultura de se-lo caso, o que se acreditará no momento de presentación de documentos, previo á formalización do contrato.

d).- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou dificulte o desempeño das funcións propias do posto de traballo. Se acreditará mediante certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico.

e).- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do Servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f).- Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Farase constar e valorarase:

1. Carné de conducir
2. Disponibilidade de vehículo propio acreditado mediante declaración responsable.

Aquelas persoas que superen as probas selectivas, quedarán sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/84 e demais disposicións ao efecto.

4ª.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- As persoas interesadas, previamente seleccionadas pola Oficina de Emprego de Pontearreas, deberán presentar solicitude en modelo normalizado interesando a participación no proceso selectivo manifestando que se reúnen os requisitos xerais de acceso, acompañando a seguinte documentación :

-Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da

súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.

- Fotocopia da titulación requirida de Traballador/a Social ou equivalente.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados. .
- Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Concello e poderán ser presentadas diante do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas, tendo como data límite de presentación de instancias o día 30 de novembro de 2018 en horario de oficina.

Ase mesmo as Bases serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina web : www.asneves.gal

Os solicitantes indicarán na instancia os seus datos persoais e deberán facer constar un teléfono de contacto para realizar o chamamento para calquera citación relacionada con esta selección.

5ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o de concurso seguido de entrevista .

6ª.-COMISIÓN CUALIFICADORA.- Os aspirantes serán avaliados por unha Comisión integrada polos membros seguintes:

1. Presidenta: A Secretaria da Corporación Dna. María Jesús Rodríguez Freire ou persoa en quen delegue.
2. Vogal: A Educadora Familiar do Concello das Neves, Dna. Ana M.ª Cuesta Jorge.
3. Vogal: A Traballadora Social do Concello de Covelo, Dna. M.ª Macrina Rodríguez Prieto, ou persoa en quen delegue.
4. Vogal:A AEDL do Concello das Neves, Dona. M.ª Esperanza Goyanes López.
5. Secretaria: Dna. Concepción Eulalia Solano de Eyto ou persoa en quen delegue.

7ª.- SELECCIÓN- VALORACIÓN DE MÉRITOS- Nesta fase estimaranse os seguintes extremos, que deberán ser xustificados previamente polos aspirantes. **Esta fase será puntuada cun máximo de 20 puntos**

I - Titulación: por distinta titulación universitaria á maiores da requirida: Máximo 2 puntos

- Diplomatura universitaria – 1 puntos
- Licenciatura/ Grao universitaria – 2 puntos

II.- Experiencia profesional como Traballadora Social: Máximo 10 puntos.

1. Por cada mes completo de servizo prestado na administración local en postos

e/ou función similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,20 puntos.

2. Por cada mes completo de servizo prestado noutras Administracións Públicas, en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,15 puntos.
3. Por cada mes completo de servizo prestado na empresa privada en postos e/ou funcións similares ás requiridas nesta convocatoria: 0,10 puntos.

III.- PRÁCTICAS. Máximo 1,00 punto

Por ser beneficiaria ou beneficiario dunha bolsa remunerada de práctica laboral da Deputación de Pontevedra ou calquera outra Administración pública relacionada co posto de traballo ofertado: 0,085 puntos por mes de prácticas

IV.- Cursos de formación e perfeccionamento ou aproveitamento. Máximo 5 puntos.

Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartido polo INAP, EGAP, Sindicatos ou calquera outro Centro Oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos pola Corporación:

1. Por curso de sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS) **1,00** puntos.
2. Por cada curso de máis de 100 horas de duración como mínimo, **0'50** puntos.
3. Por cada curso de entre 60 e 99 horas de duración como mínimo, **0'25** puntos.
4. Por cada curso de entre 30 e 59 horas de duración como mínimo, **0'15** puntos.
5. Por cada curso de entre 10 e 29 horas de duración como mínimo, **0'10** puntos.
6. Por cada curso de menos de 10 horas, e no suposto de non acreditarse a duración dos cursos, **0,05** puntos por curso.

V.- Coñecemento do idioma galego: (Puntuación non acumulable) Máximo 2,00 puntos

Por estar en posesión do Celga 1: 0,25 puntos

Por estar en posesión do Celga 2: 0.50 puntos

Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.75 puntos.

Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 1,00 puntos

Celga 5 ou superiores: 2,00 puntos.

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación

7ª.- ENTREVISTA.- Para acreditar los conocimientos o tribunal realizaralle aos aspirantes que acadaran maior puntuación unha entrevista curricular obrigatoria e no seu caso as probas obxectivas necesarias para comprobar os méritos, que se valorará de 0 a 5 puntos.

A entrevista levarase a cabo o día 4 de decembro de 2018 ás 10:00 horas.

Os méritos alegados polos aspirantes deberán estar acreditados fidedignamente en documento orixinal ou copia compulsada polo Concello onde haxan de surtir os seus efectos.

Efectuada a valoración dos méritos, o Tribunal determinará a puntuación final dos aspirantes por orde de puntuación e formulará á Alcaldía Presidencia proposta de contratación do aspirante que obtivera maior puntuación final, *o resto, conforme á súa puntuación, formará parte da bolsa de emprego, que terá como duración ata a seguinte que se forme.*

Cando por razóns de necesidade ou urxencia sexa necesario cubrir prazas vacantes na plantilla na categoría convocada, se procederá ao chamamento pola orde de formación da bolsa de emprego. As persoas que figuren na bolsa de emprego terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice e, no caso de non acceder ao posto sen razóns debidamente xustificadas, perderán os seus dereitos para acceder a cubrir os postos.

As razóns polas que se entenderá xustificada a non atención ao chamamento son as seguintes:

- Incapacidade temporal previa ao chamamento.*
- Desempeño de posto de traballo, que se acreditará co correspondente contrato.*
- Calquera outra circunstancia debidamente acreditada e fundamentada que impida materialmente atender ao chamamento.*

8º.- INCIDENCIAS

A aprobación das Bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos nos casos e na forma prevista pola Lei 39/2015, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Para o non previsto nestas Bases e naquilo que as contradigan, serán de aplicación a Lei, 7/85 do 2 de abril, o R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o R.D. 896/1991 de 7 de xuño, e demais normas de aplicación.

Documento asinado electrónicamente

V. e pr.
O alcalde

A secretaria

Asdo.: _____

Asdo.: _____